



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DE EMBARCACIÓNS COA PUNTUACIÓN DEFINITIVA, PARA O OUTORGAMENTO DO PERMEX DE POLIQUETOS PARA EMBARCACIÓN NA MODALIDADE DE MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE, AO ABEIRO DO PLAN DE EXPLOTACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA APROBADO PARA O TRIENIO 2025 - 2027

ANTECEDENTES

1. Mediante a Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 11 de xullo de 2025 convocouse o proceso selectivo e abriuse o prazo de presentación de solicitudes para o outorgamento da modalidade de poliquetos para unha (1) embarcación, con unha (1) cota, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de poliquetos mediante mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie da Confraría de Vilanova de Arousa.
2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes, constátase que se presentou unha (1) solicitude ao proceso selectivo.
3. Mediante Resolución do 7 de agosto de 2025 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo publícase o nome da embarcación admitida para a obtención do permex de poliquetos e ábrese un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións.
4. Dentro do prazo establecido, non se presentaron alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da *Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece que: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizárase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A *Orde do 30 de decembro de 2015* determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
3. A *Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación, e no seu artigo 1 do anexo I indica que *o baremo aplicarase cando o número de solicitantes sexa superior ao de prazas ofertadas*, polo que, ao terse presentado tan só unha solicitude non se fai necesario baremala.





4. Segundo o apartado 2.2 das bases da convocatoria deste proceso selectivo unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, o departamento territorial ditará a resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e das persoas armadoras, así como das non seleccionadas. Dentro do prazo establecido, non se presentaron alegacións.

5. O Departamento Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. **Seleccionar a embarcación** para a obtención do permex de **poliquetos** para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa (ANEXO I).

2. Abrir un prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que a persoa armadora da embarcación seleccionada presente a seguinte documentación para a obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

a) **Rol de despachos** actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada.

b) **Certificacións profesionais** que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, DOG nº 13, do 21/01/2016).

c) **No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes** ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.

d) **Certificación da confraría** de pescadores respecto da súa pertenza como asociado.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desiste da súa solicitude.

Ademais, de acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, a persoa armadora da embarcación seleccionada que presentase a documentación dentro do prazo establecido deberá cumprir cos





seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- a) **A persoa armadora da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos**, debendo renunciar a este no momento de obtención da modalidade.
- b) **Non ter sancións firmes** en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento

O departamento territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade do recurso específico, conforme ao establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores.

Contra esta resolución que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un mes, a contar dende o día seguinte ao de publicación desta resolución, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015)

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO I

Proceso selectivo para a obtención da modalidade de **POLIQUETOS** ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico dende embarcación, na modalidade de mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Vilanova de Arousa.

EMBARCACIÓN SELECCIONADA:

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	SOLICITANTE/ARMADOR
LOLA	VILL-3-6076	JOSÉ MARÍA DOVAL IRAGO

